

O mandamento do amor

Que bo, Señor, que o primeiro mandamento sexa o amor. Non nos xulgarás por se che obedecemos, nin polo que aprendemos, nin sequera pola cantidade de oracións que ti non necesitas pero a nós fannos tanto ben.

Ao final da vida xulgarasnos só polo amor que demos: se fomos amigos de todos, se saudamos a todos, se compartimos e feito felices a moitos.

Señor, axúdanos a querer a Deus de todo corazón, con todo a alma, e ao próximo, ao próximo, en pequenos detalles, porque o principal para o que te segue é amar a todos e a ti que es o Todo, porque se te amamos a ti, amarémoste nos teus rostros pobres e seremos felices.



1. Novembro: O regalo dos santos.

Grazas, Señor por tantos santos que nos vas regalando ao longo da nosa vida e que son un reflexo da presenza de Deus.

Son os santos da "porta do lado" que di o Papa Francisco, avós, catequistas, sacerdotes, mestres..., tantas persoas que nos fixeron ben e que co seu traballo e amor cambian o mundo.

Axúdanos a tomar en serio a nosa vocación á santidad sendo alegres, servizais, levando a Xesús no corazón e facendo felices aos que nos encontremos. Amén.

2. Novembro: Oración polos nosos finados.

Deus de misericordia e de amor, poñemos nas túas mans amorosas os nosos irmáns. Seguímolos recordando cada día con moito agarimo.

Nesta vida, ti demostrástealles o teu gran amor; e agora que xa están libres de toda preocupación, concédeslles a felicidade e a paz eterna.

A súa vida terrea rematou xa; recíbeos agora no paraíso,

en onde xa non haberá dores, nin bágoas, nin penas, senón unicamente paz e ledicia con Xesús, teu Fillo, e co Espírito Santo para sempre. Amén.



Un amor que abraza ao mesmo

tempo a DEUS e ao PRÓXIMO

Ordinario 3

Un saño e lacia

DEUTERONOMIO 6, 2-6: *Escoita Israel: Amarás o Señor con todo o teu corazón.*

Moisés falou ao pobo dicindo: «Teme o Señor, teu Deus, ti, os teus fillos e netos, e observa todos os seus mandatos e preceptos, que eu che mando, todos os días da túa vida, a fin de que se prolonguen os teus días. Escoita, pois, Israel, e esmérate en practicalos, a fin de que che vaia ben e multiplíqueste, como che prometeu o Señor, Deus dos teus pais, na terra que mana leite e mel. **Escoita, Israel: O Señor é o noso Deus, o Señor é un só. Amarás, pois, o Señor, teu Deus, con todo o teu corazón, con toda a túa alma e con todas as túas forzas.** Estas palabras que eu che mando hoxe estarán no teu corazón».

Palabra do Señor.

SALMO 171 R/. Eu ámote, Señor; ti es a miña fortaleza.

HEBREOS 7, 23-28: *Como permanece para sempre, ten o sacerdocio que non pasa.*

MARCOS 12, 28b-34: *Amarás o Señor, teu Deus. Amarás o teu próximo.*

Narrador: Naquel tempo, un escriba achegouse a Xesús e preguntoulle:

Escriba: «Que mandamento é o primeiro de todos?».

Narrador: Respondeu Xesús:

Xesús: «O primeiro é: “Escoita, Israel, o Señor, o noso Deus, é o único Señor: amarás ao Señor, o teu Deus, con todo o teu corazón, con toda a túa alma, con toda a túa mente, con todo a túa ser”. O segundo é este: “Amarás ao teu próximo como a ti mesmo”. Non hai mandamento maior que estes».

Narrador: O escriba replicoulle.

Escriba: «Moi ben, Mestre, sen dúbida tes razón cando dis que o Señor é un só e non hai outro fóra del; e que amalo con todo o corazón, con todo o entendemento e con todo o ser, e amar ao próximo como a un mesmo vale máis que todos os holocaustos e sacrificios».


Narrador: Xesús, vendo que respondera sensatamente, díxolle:

Xesús: «Non estás lonxe do reino de Deus».

Narrador: E ninguén se atreveu a facerlle máis preguntas.

Palabra do Señor.

(Narrador- Escriba- Xesús)



Un amor que abraza ao mesmo tempo a DEUS e ao PRÓXIMO



1. VER: O primeiro, o máis importante

- As veces preguntámonos que é o máis importante na vida: se pasalo ben, gozar, ter moitas cousas, facer unha boa carreira, triunfar na vida.

Que prioridades tes ti? Que é o que che parece máis importante?

2. XULGAR: O prioritario, abrazar a Deus e ao próximo

- No evanxeo, un escriba preguntalle a Xesús que é o principal para un cristián, cal é o mandamento principal, o primeiro, o máis importante. Xesús respóndelle: **“Amarás o Señor, teu Deus, con todo o teu corazón... e amarás o teu próximo como a ti mesmo.”**

O maior mandamento de todos, película: https://youtu.be/T_ATPLMuvGw

QUE NOS QUERE DICIR?

- Xesús dinos que o máis importante, **o prioritario, para o que o segue é amar a Deus**, pero non amalo un pouquiño, *senón “con todo o teu corazón, a túa alma e a túa mente”*. Iso é o que escribían os xudeus e levábano colgado para que non se lle esquecese: *“O Señor é o noso Deus, o Señor é un só. Amarás, pois, o Señor, teu Deus, con todo o teu corazón, con toda a túa alma e con todas as túas forzas”* (1ª lectura). Ama a Deus, ora, fala con el, dálle o mellor de ti mesmo, vive para El.

- Xesús engade algo que ás veces esquecemos: **“Amarás o teu próximo como a ti mesmo”**. Non basta con amar a Deus e rezar, hai que amar o que temos á beira, con amor entregado, manifestado en pequenos xestos e detalles, un amor solidario, feito compaixón e servizo. De que me serve ir a misa se non boto unha man ou non lle falo a alguén? A Tareixa de Calcuta ao darlle o Nobel da Paz preguntábanlle que debían facer para promover a paz e ela respondeulle: *“Vaite á casa e ama á túa familia”*. Ama os que están á beira e ese amor irase contaxiando, non hai nada que se resista.

- Xesús pide un amor **que abrace ao mesmo tempo a Deus e ao próximo**. Todos, todos, todos quedamos dentro do abrazo de Deus e, ao mesmo tempo, somos parte do mesmo. O amor non se esgota nunca e é a nosa vocación e destino. Amar o próximo é o termómetro para saber se amas a Deus. E con que facilidade esquecémolo. Ama a todos e a quen é o Todo da túa vida.

Que nota che darías en amor a Deus? E ao próximo? Por que?

Alex Navarro, Mullet, Cousas de Deus, explicación: <https://youtu.be/vVLzMIHOTfs>

3. ACTUAR: Concreta o abrazo a Deus e ao próximo

- Dialogade como concretar o abrazo a Deus e ao próximo na nosa contorna: rezando moito e querendo a todos os que nos atopemos (axudándoos). -Prepárate para este domingo nas ofrendas dous grandes aneis unidos entre si: o amor a Deus e o amor ás persoas son inseparables. -Tamén podemos convidar os nenos a que se acheguen ao altar e o biquen mentres un le: *“Hoxe bicamos o altar e con este bico comprometémonos a querer máis a Xesús e como signo de que queremos cumprir o seu mandato, queremos máis os uns aos outros porque o amor é o principal”*. -Día 1: Os Santos son os que foron testemuñas e mestres nisto do Amor. Fíxate neles. A escola da santidad dános pistas e inspíranos na arte de amar. E o pasado día 2, lembramos aos nosos irmáns defuntos, que creron e amaron a Xesús Resucitado. Intensa semana, unha nova oportunidade para AMAR.

Que imos facer?